

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO
SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO- A GUARDA

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Vigo – A Guarda (GALP7) Enderezo: Avda. Beiramar, 49, 3º, oficina 5 (Vigo). Teléfonos: 986358109 / 646873106 Correo electrónico: galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal CIF: G-94000510	
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Ría de Vigo -A Guarda
Persoa de contacto	María Elena Herbello Puentes. Xerente do GALP7
Publicación da oferta	https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions
Referencia do Expediente	GALP7/2023/005
Obxecto do contrato	Prestación do servizo de comunicación do GALP7 como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Tipo de contrato	Contrato de Servizo
Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urgente
Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento	☐ Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP.



Financiado
pola Unión Europea

Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa	☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados. ☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
Admisión de prórroga en execución	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga do contrato	☒ Si ☐ Non
Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non
Criterios de adxudicación	☒ Prezo ☐ Multicriterio
Idioma de presentación de ofertas	☒ Galego ☒ Castelán
Orzamento de licitación	5.000 € (IVE excluído)
Prazo de execución	12 meses
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de agosto de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

II. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. **OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de **comunicación** do GALP como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

2. **PRAZO DE EXECUCIÓN**

O período de prestación do servizo será de un ano a contar dende a formalización do contrato (previsiblemente setembro de 2023), ata o mesmo día de 2024.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista, se o aviso previo se fai cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

3. **CAPACIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA, TÉCNICA E PROFESIONAL DA ENTIDADE LICITANTE**

3.1 SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA

As entidades licitadoras terán que presentar unha declaración responsable asinada de que contan coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

A empresa adxudicataria deberá presentar nun prazo de **cinco días hábiles** desde o momento da súa notificación, a documentación que acredite o seguinte:

- a) Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- b) Representación: acreditación da representación.
- c) Alta no imposto de actividades económicas
- d) Solvencia económica financeira: Declaración volume de negocios do último exercicio fiscal. Requisito mínimo de solvencia: Volume anual de negocios do licitante por un importe igual ou superior ao valor anual estimado do contrato (6.050 €).

Acreditación: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil e no seu caso dos libros exixidos pola normativa de aplicación, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.

No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesarios presentar a cifra de negocios do período de actividades da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida

- e) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente. Requisito mínimo de solvencia: Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por un importe igual ou superior ao valor anual estimado do contrato (6.050 €).

- f) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este. Requisitos mínimos de solvencia: Reputarase solvente o licitador que acredite a execución dun conxunto de traballos do mesmo tipo ou natureza que o que constitúe o obxecto do contrato e que supoñan un importe anual igual ou superior a 6.050 euros
- g) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

3.2 SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL

A **solvencia técnica ou profesional** acreditarase polo seguinte medio:

- *Indicación do **persoal técnico** participantes directamente na execución do contrato.*

Requisito mínimo de solvencia: O equipo mínimo que deberá destinar ao adxudicatario para a prestación do servizo indicado e garantir a correcta execución do contrato será de como mínimo, **un profesional**, que deberán presentar a titulación académica acorde ao obxecto do servizo e contrato de traballo que vincule a persoa coa entidade licitante.

Acreditación: A través da presentación do **título académico e contrato de traballo ou equivalente** que vincule ao profesional coa entidade licitante

4. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS PERSOAS OU ENTIDADES LICITANTES

- Declaración responsable da representación da entidade licitante; de dispor de solvencia económica, financeira e técnica; de contar coas autorizacións necesarias para o exercicio da súa actividade; de non estar implicado na prohibición de contratar nin na prohibición de percibir subvencións públicas e de non presentar ningunha outra oferta mediante empresa vinculada (**Anexo II**).

As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable (Anexo II), exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser prestada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.

- Declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (**Anexo III**).
- Oferta económica (**Anexo IV**)

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento de licitación para o servizo requirido ascende a un total de 6.050 € (IVE incluído), correspondente a unha base imponible de 5.000 € e 1.050 € de IVE (21%).

Valor estimado total	16.250 €
Orzamento base de licitación (sen IVE)	5.000 € (anual)
IVE (21%)	1050 €
Orzamento base de licitación (con IVE)	6.050 €
Financiamento	Esta contratación financíase polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	1ª prórroga	2ª prórroga	3ª prórroga	TOTAL BASE LICITACIÓN
	set- 2024	set- 2025	set- 2026	dec- 2026	
Orzamento (IVE excluído)	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	1.250,00 €	16.250,00 €
IVE	1.050,00 €	1.050,00 €	1.050,00 €	262,50 €	3.412,50 €
Orzamento(IVE incluído)	6.050,00 €	6.050,00 €	6.050,00 €	1.512,50 €	19.662,50 €

III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

6. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

O contrato de servizos adxudicarase seguindo o Punto II da Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

7. MEDIOS E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo máximo para a presentación de ofertas é de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante do GALP Ría de Vigo - A Guarda. A data de publicación da oferta é o día 23 de agosto de 2023.

Presentarase por correo certificado (Avda. Beiramar 49, 3º, oficina 5, Vigo C.P.36202), acreditando a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.

8. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas presentadas deberán estar **asinadas con firma dixital** pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

A documentación presentárase en dous sobres pechados:

- **SOBRE A:** Declaración Responsable (Anexo II), Anexo III e declaración de solvencia profesional
- **SOBRE C:** Oferta económica (Anexo IV).

A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.

A denominación dos sobres a, deberá atender ao seguinte, segundo o caso:

- SOBRE A [GALP7/2023/005]_Declaración-Responsable [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].
- SOBRE C [GALP7/2023/005]_Oferta-Económica [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato do servizo será para a oferta economicamente máis vantaxosa que presente un **mellor prezo**, atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

CRITERIOS AVAILABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

- **Oferta económica: 100 puntos** (puntuación máxima)

Darase a máxima puntuación á oferta económica máis baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pi = XX \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$$

Pi = Puntuación da oferta a valorar

XX = Puntuación máxima do criterio

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)

OB = Oferta máis baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde ata acadar o desempate, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- 1) Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

- 2) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- 3) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- 4) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA

Unha oferta económica considerárase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en mais de 20 unidades porcentuais.

10. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Comisión de contratación reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao SOBRE A, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houbese.

A continuación procederase no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación ou no portal web <https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions> á apertura, en acto público, do SOBRE C.

Descrición: Apertura pública.

Lugar: Avda. Beiramar, 49, 3º, oficina 5 Vigo .

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de adxudicación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación mais alta, a cal presenta a mellor oferta de acordo cos criterios de adxudicación (oferta economicamente mais vantaxosa).

Unha vez emitida a proposta de adxudicación, será requirido á persoa ou entidade que presentou a mellor oferta para que, dentro do prazo de **5 días hábiles**, a contar desde a data de recepción do requirimento, presente toda a documentación que acredite a solvencia económica, financeira e técnica, así como o cumprimento cos requisitos obrigatorios.

A proposta de adxudicación do contrato de servizos será posta en coñecemento e darase publicidade a través da web do GALP7; <https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions>

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

O procedemento finalizará coa formalización do contrato

11. CONDICIÓNS E FORMA DE PAGO

O pagamento realizarase trimestralmente ao remate dos servizos, sempre que o GALP7 conte con crédito dispoñible.

12. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O incumprimento das actuacións previstas no punto 2 do prego de prescricións técnicas serán causa de resolución do contrato.

IV. ANEXOS



Financiado
pola Unión Europea

GALP Ría de Vigo-A Guarda

ANEXO II. A) DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR (

(A incluír no SOBRE A)

D _____ con DNI número _____ en representación de _____ con CIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA en representación da empresa¹

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é _____.

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 2023

Data e sinatura dixital do licitador

¹Persoa física(traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.

ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS POR PARTE DO LICITADOR

(A incluír no sobre A)

D. _____ con DNI número _____ como representante da entidade
_____ con NIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____
correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas e administrativas para a licitación de servizo de “**Comunicación**” para o GALP Ría de Vigo – A Guarda.

Segundo.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos técnicos e administrativos.

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no Sobre 1 da oferta presentada para a licitación.

E para que conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 202X

Data e sinatura dixital do licitador

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

(A incluír no SOBRE C)

D./a con DNI nº actuando en nome e representación da empresa con CIF nº e domicilio en CP localidade de Provincia de , en relación ao procedemento de licitación do contrato de servizo “**COMUNICACIÓN**”, presento a seguinte oferta:

A) OFERTA ECONOMICA:

Orzamento base de licitación (sen IVE)	
IVE (21%)	
TOTAL (Orzamento base de licitación con IVE)	

B) Que coñezo e acepto as condicións que rexen esta contratación, comprometéndome a executar o obxecto do contrato polo seguinte prezo:

Lugar e data

Sinatura dixital do/a licitador/a

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT)

1. CONTEXTO – XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP7), é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, para a xestión do Programa FEMPA 2021-2027, segundo convenio suscrito o día 2 de xaneiro de 2023.

O presente contrato ten por obxecto a contratación dun servizo de comunicación.

Trátase dunha necesidade continua que se pretende satisfacer, por ese motivo emprégase o procedemento para gastos derivados de necesidades continuas. Non se produce fraccionamento de contrato, e non se divide en lotes atendendo á natureza e obxecto do contrato.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda, carece de persoal suficiente en número e titulación, para dar cobertura ás necesidades de servizo de comunicación, para poder cumprir correctamente coas funcións e obrigas acordadas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 2 de xaneiro de 2023, razón pola que debe procederse á contratación dun servizo externo para dar cobertura a tal necesidade.

2. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN A REALIZAR

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de comunicación do GALP7 como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), segundo o previsto na EDLP desta entidade e atendendo aos seguintes obxectivos: mais e mellores proxectos, difusión da EDLP e potenciación do GALP Ría de Vigo – A Guarda dentro e fora do territorio.

3. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR

As finalidades a alcanzar pola asistencia técnica contratada dentro desta actividade son as que se relacionan a continuación:

Actividades en medios de comunicación

- Xerar noticias
- Atraer o interese dos medios de comunicación (Prensa, radio, televisión)
- Atender permanentemente aos medios de comunicación
- Redacción e envío de 12 notas de prensa ao longo do ano

Actividades en redes sociais

FACEBOOK

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

- Aumentar o número de seguidores e interaccións
- Uso das Stories
- O número de publicacións durante o contrato será, dun mínimo, de 100

INSTAGRAM

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre o emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Aumentar o número de seguidores e interaccións
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector
- Uso das Stories e IGTV
- O número de publicacións durante o contrato será, dun mínimo, de 100

LINKEDIN

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector
- Aumentar o número de seguidores e interaccións

Realizaranse un mínimo de 100 publicacións ao longo do contrato

TWITTER

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector
- Aumentar o número de seguidores e interaccións

Realizaranse un mínimo de 460 publicacións ao longo do contrato (entre chíos e rechíos)

Entrevistas para redes sociais

Edición e publicación nas redes sociais das entrevistas coas entidades/persoas beneficiarias das axudas xestionados polo GALP7

O obxectivo é dar difusión ás convocatorias de axudas

Imaxe de campaña

- Creación dunha imaxe de campaña anual
- Creación de imaxes de xornadas de difusión do GALP7 (carteis, invitacións)
- Adaptación para redes sociais e pezas de comunicación

Comunicación a socios do GALP7(trimestralmente)

- Comunicación de newsletter a socios
- Histórico de envíos
- Creación dun boletín
- Creación de formulario de inscrición a xornadas
- Envío de correo de confirmación

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea

A entrega de toda a documentación farase en **copia dixital**; en formato editable (Word, ou o que corresponda, sempre que sexa posible) e en formato PDF.

4. FUNCÍONS E OBRIGAS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA

A entidade adxudicataria ten as seguintes funcións e obrigas:

- Deberá realizar correctamente as tarefas descritas no punto 3 dos pregos técnicos
- Queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- Non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP Ría de Vigo – A Guarda para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- Non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP Ría de Vigo – A Guarda. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.

5. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O período de prestación do servizo será de un ano, a contar dende a formalización do contrato (previsiblemente setembro de 2023)

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista se o aviso previo se fai cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

As entregas veñen recollidas na información das actuacións a desenvolver e estarán condicionadas polo que dispoña a normativa vixente e as instrucións da Consellería do Mar.

Vigo, 23 de agosto de 2023

GALP Ría de Vigo-A Guarda



Financiado
pola Unión Europea